

PROPOSICIÓN DE LEI DE MODIFICACIÓN DA LEI 39/2006, DO 14 DE DECEMBRO, DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN ÁS PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA, EN MATERIA DE PARTICIPACIÓN NO CUSTO DAS PRESTACIÓNS E SERVIZOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Exposición de motivos

A promulgación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia, supuxo un avance significativo na extensión e intensificación dos dereitos sociais de amplas capas da poboación que por razón de idade avanzada ou discapacidade, orixinaria ou sobrevida, precisan de apoios para a súa autonomía individual e a súa participación comunitaria en condicións de igualdade e dignidade. O novo dispositivo de protección social, o Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD), creado por esta norma legal, debía comezar a reparar definitivamente o déficit histórico que nesta esfera presentaban as precarias e débiles estruturas de benestar en España. A consagración normativa da promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia como dereito subxectivo que levou aparellada a Lei 39/2006, a pesar das súas deficiencias, inauguraba unha nova forma de concibir e aplicar as políticas sociais que xerou enormes expectativas en todo o tecido social, que consideraba esta lexislación como unha conquista irreversible que permitiría mellorar as condicións de vida e de cidadanía de grupos sociais en situación estrutural de vulnerabilidade.

Transcorridos máis de sete anos dende a aprobación desta lei, a implantación e despregamento deste novo sistema de protección e do dereito social en que se traducía, enfrontouse a unha morea de vicisitudes, entre elas, e como máis relevante, a virulenta crise económica e social que azoutou a España neste período e que sacudiu con violencia as arquitecturas de benestar, sempre insuficientes, que han de caracterizar a un Estado como o español, que constitucionalmente defínese como social. Esta adversa conxuntura económica, que induciu a aplicar feroces políticas de

recorte de gasto público, en combinación con outros múltiples factores –políticos, sociais e de gobernanza do sistema– determinaron que os propósitos con que naceu a lei en boa parte se viran malogrados e deixan sen resposta as incitantes necesidades sociais que viña a encher.

Un dos aspectos que sen dúbida máis rexeitamento suscitaron en estes anos de despregamento do SAAD por parte das potenciais persoas beneficiarias da lei xerando máis cotas de frustración, foi o da regulación de todo o relativo á capacidade económica e a participación no custo das prestacións, coñecido popularmente como "copagamento", que foi percibida como unha regulamentación carente de equidade e xustiza material, próxima ao confiscatorio e que máis que invitar a exercer o dereito subxectivo, expulsaba as persoas maiores e con discapacidade destinatarias naturais do sistema, polo gravoso dos seus exacerbados requirimentos en materia de achega económica.

Esta desacertada regulación dos aspectos económicos de participación no custo das prestacións, que comporta un risco certo de baleirar o dereito creado pola lei, ha de ser corrixida e así o avala non só a opinión maioritaria dos movementos sociais de persoas maiores e persoas con discapacidade e as súas familias, senón tamén o criterio dos profesionais dos servizos sociais e dos expertos e analistas que fixou a súa posición nunha multiplicidade de estudos e informes sobre a Lei 39/2006.

Co fin, pois, de reorientar e fortalecer este dispositivo de protección social, dotándoo de maior equidade e apertura, e contrarrestando os efectos perversos evidenciados nestes primeiros anos de desenvolvemento, adóptase esta modificación legal que aspira a establecer, en sede legal, criterios máis claros e xustos en relación coa capacidade económica e a participación no custo das prestacións de autonomía persoal e atención á dependencia por parte das persoas beneficiarias. Así, por unha parte, coa reforma do artigo 14 da vixente lei, precísase que será tamén obxecto de normativa regulamentaria estatal a regulación da participación no custo das prestacións, ao igual que acontece agora coa capacidade económica. De igual modo, respecto deste mesmo artigo,

amplíanse os factores que se teñen presentes á hora de determinar tanto a renda como o patrimonio, engadindo á idade o momento vital de aparición da situación de dependencia e a súa maior ou menor prolongación ao longo da vida da persoa beneficiaria.

Doutra parte, coa modificación que se opera do artigo 33 do texto legal, incorpóranse diversas garantías para as persoas beneficiarias que modulan o seu esforzo de participación no custo das prestacións que reciben, como a exención de achega por debaixo dun determinado limiar de capacidade económica (2,5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples -IPREM-); a limitación máxima na participación, que queda fixada no 60 por cento do prezo de referencia do custo do servizo; ou, en fin, a seguridade dun mínimo para gastos persoais, que non poderá ser inferior ao 40 por cento da capacidade económica.

Con estas medidas, que posteriormente terán a súa concreción regulamentaria, elimínanse trabas de importancia na aplicación equitativa de Lei 39/2006 e robustécese o carácter de dereito subxectivo e ampliando o universo de persoas que en situación real de necesidade poderán acollerse ás súas prestacións e servizos.

Texto articulado

Artigo único. Modificación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

Os artigos 14 e 33 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, quedan modificados como seguen:

Un. O apartado 7 do artigo 14 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 14. *Prestacións de atención á dependencia.*

(...)

7. Para os efectos desta lei, a capacidade económica **e a participación no custo das prestacións das persoas beneficiarias determinaranse**, na forma que regulamentariamente

se estableza, por proposta do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, en atención á renda e o patrimonio do solicitante. Na consideración da renda e do patrimonio teranse en conta a idade, o momento vital de aparición da situación de dependencia e a súa maior ou menor prolongación ao longo da vida da persoa beneficiaria, así como o tipo de servizo que se presta.»

Dous. O artigo 33 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 33. A participación dos beneficiarios no custo das prestacións.

1. Os beneficiarios das prestacións de dependencia participarán no seu financiamento, segundo o tipo e custo do servizo e **exclusivamente** a súa capacidade económica persoal.

2. A capacidade económica do beneficiario terase tamén en conta para a determinación da contía das prestacións económicas.

3. O Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia fixará os criterios para a aplicación do previsto neste artigo, que serán desenvolvidos nos convenios a que se refire o artigo 10.

Para fixar a participación do beneficiario, **teranse en conta factores como a idade, o momento de aparición da situación de dependencia e a súa maior ou menor prolongación ao longo da vida da persoa, así como** a distinción entre servizos asistenciais e de manutención e hoteleiros.

Quedarán exentos de participación no custo das prestacións aqueles beneficiarios a capacidade económica persoal dos cales non supere en 2,5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM).

En ningún caso, a participación do beneficiario no custo dos servizos superará o 60 por cento respecto ao prezo de referencia que se establecera para estes.

A participación no custo dos servizos deberá garantir á persoa beneficiaria polo menos unha cantidade mínima para gastos

persoais que será do 40 por cento do IPREM correspondente.

4. Ningún cidadán quedará fóra da cobertura do sistema por non dispoñer de recursos económicos”.

Disposición final primeira. *Fundamento constitucional.*

Esta lei dítase ao amparo da competencia exclusiva do Estado para regular as condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e o cumprimento dos deberes constitucionais, conforme ao artigo 149.1.1.^a da Constitución.

Disposición final segunda. *Entrada en vigor.*

A presente Lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Estado*.